

LOITA POLOS TEUS DEREITOS

FOLGA !!

Cando comeza a folga?

A folga comeza legalmente o xoves **15 de maio** ás **22:00 horas**, para que tamén poidan sumarse as/os que entren en quenda nocturna. A mobilización manterase durante todo o **venres 16 de maio** no sector do Comercio Alimentación dos concellos da provincia de Ourense.

Onde e cando reunirse?

Convócase a todo o persoal das empresas afectadas para secundar a folga e reunirse ás **7:30 da mañá** diante da **Casa Sindical no parque de San Lázaro**, desde onde se organizarán os piquetes informativos.

Manifestación:

Ás **12:00** horas realizarase unha manifestación que partirá do **Gadis de O Couto**, percorrendo as tendas da cidade.



A túa participación é fundamental desde primeira hora, así como a asistencia á manifestación. Só coa unión de todas e todos conseguiremos mellorar as nosas condicións laborais.

Desde a representación sindical LEMBRAMOS:

 **A folga é un dereito fundamental da Constitución e está legalmente comunicada.**

Tes dereito a participar e a faltar ao traballo o día 16 de maio.

 **Non existen servizos mínimos obrigatorios neste sector.**

Se alguén che di o contrario, avísanos de inmediato.

 **Non tes que informar á empresa se vas facer folga, nin responder a preguntas dos responsables de tenda sobre a túa decisión.** Xa o saberán no momento de secundala.

 **Non poden substituírte por persoal doutras tendas ou provincias.**

Se isto ocorre, denunciaremos a situación.

 **O desconto polo día de folga é de 1,4 días de salario segundo a categoría e nómina.**

Se che falan de cantidades esaxeradas, non te deixes enganar: é para desanimarte.

 **A folga é un dereito. A túa participación é imprescindible se queres mellorar as túas condicións de traballo.**

 **A perda dun día de salario compénsase de sobra coas melloras que entre todas e todos podemos conseguir.**

12.05.2025